

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA
TRECE DE XANEIRO DE 2009, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e vinte e cinco minutos do día trece de xaneiro de dous mil nove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e tres de decembro do ano pasado, que é aprobada por unanimidade dos asistentes

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 2.411/08 de don Ignacio Magán Cascallar

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en A Estrada - Pontevedra, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, consistente no cambio de uralita e tella, e máis para a construción dun cerramento con base de pedra, postes e arame nunha lonxitude aproximada de 90 mts, en Neira de Arriba-San Mamede, en solo de núcleo rural (N1) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma (incluídas as vigas ou viguetas da cuberta) e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa coma a do cumio, así como as pendentes dos faldróns, non permitíndose a apertura de novos ocos; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica; en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1.627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomea-

mento do coordinador de seguridade e saúde. Polo que respecta ó cerramento da parcela, deberá axustarse ás seguintes condicións: a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base opaca terá unha altura máxima de 1,50 mts; o cerramento situarase a 6,00 mts do eixe do vial; garantirase o natural discorrer das augas, e no caso de existir unha servidume de augas, deberá optar previo ó comezo das obras a autorización de Augas de Galicia e respectaranse os lindes con outros propietarios.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento cincuenta e cinco euros con vinte e cinco céntimos (#155,25#)

2.2.- Instancia num.2.408/08 de don José Feijoo Neira

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita licenza para a reposición de canalización existente, dunha lonxitude aproximada de 4 mts, por rotura, en Neira de Abaixo.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: levaranse a cabo sen que interrompan o natural discorrer das augas, colocando un tubo de sección suficiente para permitir o paso de todas as augas e non inferior ó diámetro existente; non se danará a calzada, debendo deixar o pavimento nas mesmas condicións nas que estaba.


Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaioito euros con tres céntimos (#18,03#).

2.3.- Instancia num. 723/08 de don Francisco Javier Álvarez Mata

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Teo, solicita licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Paradela -San Xián, en solo de expansión de núcleo rural (N2) cunha ocupación máxima inferior ó 30% da parcela neta; num. plantas B+1; Altura máxima da cornixa menor a 7,00 mts e un coeficiente inferior a 0,30 m2 de superficie edificable baixo teito por cada m2 de parcela neta segundo o proxecto presentado redactado pola arquitecta dona Paloma Rolle Picallo cun orzamento de 186.802,63 euros.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado; en cumprimento do artigo 29 da lei 9/2002 deberá dotar a finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a excución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ó seu correcto funcionamento, debendo solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia; a distancia mínima da fosa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindes será de 3 mts debendo gardar a distancia das aliñacións respecto dos viais; deberá presentar oficio de dirección de obra de aparellador e en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se esta-



blecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de tres mil setecentos trinta e seis euros con cinco céntimos (#3.736,05#)

3º.- Ratificación, se procede, de Resolución da Alcaldía sobre participación no programa de eliminación de barreiras arquitectónicas 2008

Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data sete de xaneiro do ano que andamos, que di o seguinte:

"Dáse conta da convocatoria do programa de eliminación de barreiras arquitectónicas 2008 (BOP num. 291/08, do 19 de decembro)

Ó abeiro da mesma, e sen perxuízo da súa ratificación pola Xunta de Goberno Local

RESOLVÍN:

1º.- Participar no Programa de eliminación de barreiras 2008 da Excm. Deputación Provincial da Coruña, elaborado no marco do convenio de colaboración 2008/2010, subscrito o 20 de febreiro de 2008, entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais (IMSERSO) e a Fundación Once, para a cooperación e integración social de persoas con discapacidade, para desenvolver un programa de accesibilidade universal, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a realización dos investimentos que de seguido se relacionan:


| DENOMINACIÓN | ORZAMENTO |
|---|-----------|
| Instalación de ascensor adaptado no Pildeportivo de Vedra | 38.227,72 |
| Instalación de ascensor adaptado na Casa de Cultura de Santa Cruz | 46.359,71 |

2º.- Aprobar os correspondentes proxectos técnicos das obras ou o prego de prescricións técnicas da subministración dos investimentos dispostas no apartado 1, coa súa documentación correspondente.

3º.- Declarar que o concello conta cos terreos necesarios para a execución das obras e que se compromete a ter resolto todo o relacionado coas autorizacións administrativas e cumprimento da legalidade urbanística, ao respecto ao patrimonio histórico-artístico e protección do medio ambiente, incluídos informes de impacto ambiental se é o caso e concesións que sexan necesarias

4º.- Declarar que o concello se compromete a darlle publicidade á axuda concedida pola Deputación da Coruña e se é o caso á publicidade que proceda, de acordo co convenio-marco entre o IMSERSO e a ONCE e o convenio singular entre estas entidades e a Deputación da Coruña

5º.- Autorizar á Deputación da Coruña a solicitar con anterioridade ao acordo de concesión de subvención ou pagamento de que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social"



A Xunta de Goberno acorda ratificar a citada resolución.

4º.- Aprobación, se procede, sobre do Plan Especial de Infraestructuras e Dotacións de Servizos Asistenciais de Vedra

Visto o proxecto de Plan Especial de Infraestructuras e Dotacións para Dotación de Servizos Asistenciais na parroquia de Vedra, promovido por este concello e redactado por Fermín González Blanco en calidade de arquitecto.

Téndose solicitado os informes sectoriais previos á Deputación Provincial de A Coruña, que non foi emitido no prazo previsto, e á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible sobre a necesidade de avaliación ambiental estratéxica, recibíndose con data 9 de xaneiro de 2009, RXE número 25, a “Decisión de 2 de xaneiro de 2009 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible, sobre a necesidade de avaliación ambiental estratéxica do Plan Especial de Infraestructuras e Dotacións para Dotación de Servizos Asistenciais na parroquia de Vedra, concello de Vedra (A Coruña)” pola que se resolve a non necesidade de someter a avaliación ambiental estratéxica o plan especial mencionado.

Visto o informe de Secretaría, considerando canto antecede e de conformidade co artigo 86.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e co artigo 21.1.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, a Xunta de Goberno acorda:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Plan Especial de Infraestructuras e Dotacións para Dotación de Servizos Asistenciais na parroquia de Vedra.

SEGUNDO. Abrir un período de información pública durante o prazo de un mes, mediante anuncio que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* e se anunciará ademais en dous xornais dos de maior difusión na provincia. Durante o mencionado período quedará o expediente a disposición de calquera que queira examinalo ou obter copias para que se presenten as suxestións que se estimen pertinentes.

TERCEIRO. Suspende el outorgamento de licenzas no ámbito obxecto de actuación por un período máximo de dous anos e extinguirase en todo caso coa aprobación definitiva do plan.

CUARTO. Notificar individualmente o trámite de información pública aos propietarios dos terreos afectados.

QUINTO. Solicitar ás administracións afectadas pola súa competencia sectorial o correspondente informe aos efectos regulados na lexislación sectorial. Estes informes deberán emitirse no prazo dun mes, salvo que a lexislación sectorial estableza outro prazo.

5º.- Dar Conta de Resolucións da Alcaldía

5.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dous de decembro do ano que andamos, pola que dada a súa urxencia e importe acórdase adxudicar a obra de Acondicionamiento del entorno del campo de fútbol de San Mamede.Vedra á empresa Obras y Viales de Galicia, S.L no prezo do tipo, é dicir, trinta e nove mil trescentos oitenta e nove euros con noventa e tres céntimos (#39.389,93#), financiada integramente pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte

A Xunta de Goberno dáse por enterada



5.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e seis de novembro do ano que andamos, pola que se acorda designar ó arquitecto municipal don Fernando Faya como coordinador de seguridade e saúde do proxecto de sinalización turística, subvencionado integramente pola Consellería de Innovación e Industria
A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e tres de decembro do ano que andamos, pola que se aproba o Plan de Seguridade e Saúde da obra de Señalización Turística, subvencionado pola Consellería de Innovación e Industria
A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e nove de decembro do ano que andamos, pola que dado que o 31/12/2008 rematou o contrato laboral do arquitecto don Fernando Faya e que nestes momentos non se pode prescindir del, acórdase a prórroga do contrato dende o 01/01/2009 ata fin de servizo
A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.5.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data tres de decembro do ano que andamos, pola que se designa a don Javier García Méndez como coordinador de seguridade e saúde da obra de Acondicionamiento del entorno del campo de fútbol de San Mamede, financiada pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte
A Xunta de Goberno dáse por enterada

6º.- Outros asuntos


6.1.- Convenio de colaboración coa Deputación Provincial para o financiamento da subministración dun tractor e outros

Dáse conta do convenio de colaboración asinado coa Deputación Provincial con data dezaioito de decembro do ano pasado para o financiamento da subministración dun tractor, unha pá cargadora e unha desmalezadora, sendo o orzamento máximo para a adquisición de cento vinte e sete mil trescentos cincuenta e seis euros con corenta céntimos (#127.356,40#), sendo a achega máxima da Deputación de cen mil (#100.000,00#) euros, que representa unha porcentaxe de 78,52%.
A Xunta de Goberno dáse por enterada

6.2.- Circular para a contratación de obras incluídas no Plan de Cooperación cos Concellos (PCC) 2008-2011

Dáse conta da Circular remitida pola Deputación Provincial para a contratación das seguintes obras incluídas na anualidade 2008 do Plan de Cooperación cos concellos 2008-2011

| OBRA | ORZAMENTO | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN |
|--|------------|--------------------|----------------------|
| AMPLIAC. SANEAMIENTO Y ABAST. EN LARAÑO | 109.450,36 | 10.945,04 | 98.505,32 |



| | | | |
|-------------------------------|------------|-----------|-----------|
| AMPLIAC.SANEAMIENTO EN MATELO | 107.659,87 | 10.765,99 | 96.893,88 |
|-------------------------------|------------|-----------|-----------|

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co establecido na base 10 do prego de cláusulas administrativas particulares publicadas no BOP nº 98/08, do 29 de abril, acorda proceder á súa licitación por procedemento negociado.

6.3.- Subvencións para proxectos de envellecemento activos das persoas maiores

Dáse conta da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos interesados na realización de proxectos de envellecemento activo para as persoas maiores (BOP num. 290/08, do 18 de decembro)

Ó abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda solicitar unha subvención segundo memoria elaborada ó efecto

6.4.- Recoñecemento trienios funcionarios e persoal laboral fixo

A Xunta de Goberno acorda recoñecer os seguintes trienios ós empregados municipais que de seguido se relacionan, cos dereitos económicos e demais que lle sexan inherentes ós mesmos:

*Carlos J. Méndez -Losada Abalo (01/02/2009): 10º trienio

*Carlos J. Sanmartín Carrera (15/12/2008): 7º trienio

*Ana Mª: Aldrey Pereira (04/01/2009): 5º trienio

*Mª. Teresa Amenal Junquera (11/12/2008): 6º trienio

*Mª. Lidia Carpinteiro Quintás (23/12/2008): 4º trienio

6.5.- Convocatoria de subvencións da Deputación Provincial

Dáse conta da convocatoria de programas da Deputación Provincial publicada no BOP num. 299/08, do 30 de decembro.

Ó abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda participar nos seguintes programas:

| | |
|------------------|---|
| | PROGRAMA |
| DEPORTE | ACTIVIDADE XERAL |
| | INFRAESTRUCTURA E EQUIPAMENTO DEPORTIVO |
| | TÉCNICOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS |
| CULTURA | ACTIVIDADE XERAL |
| | INFRAESTRUCTURA E EQUIPAMENTO CULTURAL |
| | ANIMADORES CULTURAI |
| SERVIZOS SOCIAIS | MANTEMENTO |
| | POLÍTICAS DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES |

| | |
|---------------------|--|
| | ENTRE MULLERES E HOMES E DE LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO |
| PROMOCIÓN ECONÓMICA | ACTIVIDADE XERAL |
| | INFRAESTRUCTURA E EQUIPAMENTO |

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas e cincuenta minutos

